

"TECLIÑAS"

Anxo Moure

Benqueridas compañeiras/os: O outro día, paseando por un bosque, topeime cunha maleta tirada no lixo. Recollina e descubrín que se trataba dunha vella máquina de escribir. Limpeina, arranxeina, e ela empeñouse en escribirvos unha carta. Velaquí a primeira carta de "tecliñas", a máquina de escribir salvada de morrer en calquera vertedoiro, en sogama... Anxo.

"Tecliñas"

(máquina de escribir reciclada)

CERMA

Asunto: Carta dunha máquina de escribir recollida do lixo

A sombra dunha sobreira, dous castiñeiros, unha pereira, un carballo e un bidueiro. En data 27-6-2006.

Benqueridas e benqueridos amigas/os dos bosques e regatos:

Por expreso desexon do meu "cazador de lixo" e tamén humilde contacontos que chaman o Carballó con Botas, diriximo a vostedes co fin de facer presentación e dar a coñecer a miña cativa historia:

"Chámome Tecliñas e debín ser no seu tempo un aparello amado polos meus donos, nacin quen sabe onde e quen sabe en que momento, que día hora.... Debín ser adquirida nunha fermosa tenda das de antergo a ben seguro co esforzo e suor, co traballo dos meus donos que deitaron en min parte das suas ilusións, tal vez esperanzas. Despois, o mellor, fun parte da súa historia, seguramente as cartas esculpidas polas miñas teclas cruzaron o mar, o océano acotado pola saudade, a tristeza, a tenrura para poñer en vivo ese sentimento cercano a morte que se chama emigración e que rompeu o meu país como hoxe rompe outras almas que se embarcan nos cayucos, nas pateras e que poucos entenden. Incluso é posible que aquí nacera unha poesía, un conto ou unha carta de amor quen tinguiu de bagoas estes catro ferros que me manteñen. Pasou o tempo e o tempo foi estrano, confuso, veloz, destructor cunha forza nunca vista. Chegaron os rápidos vehículos, os supersónicos avións os ordeadoras, móbiles...., e eu fíque no esquecemento agochada dentro dun vello faiado nun recuncho do desespero cuberta polas lembranzas, axiña morrín un pouco. Pero a ese estrano deus que ninguén detén, o pasar dos días, das horas, dos meses..., abriu de súpeto unhas fiestra na miña esperanza, un dos meus donos colleu a asidera que pendura na miña caixa, erguena e eu sentínme vivir, pronto voltarían os soños, as cartas de amor, tal vez a poesía. Pero non foi así, simplemente fun deitada aos pés dun vello carballo, o carón dun contendor de cor verde cun claro destino final, ser pasto das lapas nun incendio forestal ou derreterme convertido en cinzas dunha incineradora calquera, tal vez en Sogama, en Cerceda. Non tiveron máis remedio, chorei, como nunca choraron as máquinas de escribir. Por aquel entón un tarabelo, contacontos e guiador de extranas máquinas que chaman bicicletas (e que moitas teñen o meu mesmo ou mais cruel aínda final) topoume, miroume e remiroume, remexeume, bateu na miña caixa, pensou tal vez que era trasno habitante dos contos e por fin abriu a caixa e levou unha sorpresa do demo. Todo emocionado (raro é, gustalle o lixo, as botas vellas, as bañeiras), transportoume ata o seu fogar, limpome, arranxoume e non se lle ocorreu outra cousa quen pousarme enriba dunha vella mesa e a sombra dunhas árbores escomenzar a escribir contos, historias, poesías, cartas de amor ou mesmo mensaxes antimilitaristas por eso de parar as guerras ou as mareas negras tecleando nunha máquina de escribir vella, recollida un día triste nun odioso verquedoiro.

Eu só vos podó decir unha cousa, por favor, non tiredes as máquinas de escribir vellas, nen as bicis, as bañeiras, os xoguetes, as regadeiras, e tampouco as botas vellas.

asdo. tecliña